

A materia de *Tecnoloxías da Información e da Comunicación* trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico e persegue a consolidación de coñecementos tecnolóxicos indispensables.

TIC pódese cursar en 1º e/ou en 2º de Bacharelato.

Aportacións dos diferentes Bloques de contidos á materia:

"A sociedade da información e o computador" introduce o alumnado na importancia desta materia na sociedade actual. Os bloques "Arquitectura de computadores", "Redes de computadores" e "Seguridade" abundan en aspectos relativos aos compoñentes e á configuración dos computadores, e á súa conexión en redes. O bloque

"Software para sistemas informáticos" afonda no uso de aplicacións de uso común no mundo actual, tales como as aplicacións ofimáticas de edición de texto, de cálculo, de elaboración de presentación, de almacenaxe de información e de traballo con imaxe e vídeo. E os bloques "Programación" e "Publicación e difusión de contidos" afondan no deseño de programas que permitan dar solucións a problemas do mundo real, e no uso destes no mundo de internet.

A quen vai dirixida

Ademais da utilidade formativa directa para o alumnado que queira cursar o Grao en Enxeñería Informática e calquera outra Enxeñería, a materia pode servir para calquera ámbito de coñecemento.

